

ESTÁ O GALEGO NORMALIZADO?

A continuación ides ver un vídeo no que unha profesora de latín, grego, castelán e galego, ademais de xornalista na RTVG durante anos, ofrece a súa opinión sobre o proceso de normalización lingüística da lingua galega.

Este é o enlace onde podedes atopar o vídeo: [\(58\) Está o galego normalizado? - YouTube](#)

ANTES DE VELO:

- Saberías explicar coas túas propias palabras en que consiste o proceso de **normalización** e **normativización** dun idioma?

DESPOIS DE VELO:

- Que feitos lle fan crer a María Carballeira que o galego non é unha lingua normalizada?
- Desde que momento histórico arrastramos o prexuízo de que o galego é unha lingua asociada á incultura? Que ocorreu para que se fixese esa asociación?
- Como se lle chama tamén ao galego normativo?
- Que axente social está, en moitas ocasións, prexudicando un uso correcto da lingua en canto á súa fonética e fonoloxía (pronuncia adecuada dos sons propios dunha lingua) e á súa morfosintaxe (correcto uso dos pronomes persoais átonos...)?
- Que é o que cre María Carballeira que “mata aos pouquiños e á calada” a nosa lingua?
- Por que credes que os medios de comunicación son tan importantes para o proceso de normalización do galego?